



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ (24-11-10)

Na reunión de hoxe estes foron os temas principais que se trataron:

INFORME ECONÓMICO 3º Trimestre.-

B.9	C.4 (5 prazas)	C.4 (7 prazas)	Xsara Picasso	TOTAL
185.144	49.961	47.514	18.945	301.564

Absentismo.- A Dirección comenta que o índice de absentismo esta sendo moi alto (6'56% de media). Exponnos unha campaña informativa tanto individual como colectiva, dentro da mesma inciden no xa posto en marcha no mes de Setembro, *comunicar previamente a ausencia o traballo*. A C.I.G. reitera, unha vez máis, o seu desacordo a respecto da comunicación a través de burofaxes .

Para a C.I.G. hai que ir ó fondo das causas, poñendo encima da mesa "*onde e porqué*" causan baixa os traballadores/as, e ver aqueles Talleres que están sometidos a:

- .- altos ritmos de traballo
- .- sistemáticos alongamentos de xornada.
- .- lugares onde se orixinan o maior número de enfermidades profesionais.

Tamén hai que tratar o tema dos limitados, para elo, é necesario expor o mapa de riscos da Fábrica. *Un traballador/a que padece unha limitación nun Taller de Montaxe (por exemplo), non se pode circunscribir a súa adaptación a esa zona, se a solución pasa por cambiar de Taller hai que facelo*, aquí todos somos traballadores/as da mesma fábrica.

Por outra banda, dende a C.I.G. entendemos que é necesario facer un estudo a fondo dos lugares onde se están orixinando Enfermidades Profesionais e adoptar, en consecuencia, as medidas técnicas e organizativas necesarias para que outros traballadores/as non se sigan sumando a esta lista de afectados/as, que tal como se informou, coas 4 novas de Montaxe, *na plantilla actual hai 125 recoñecidas*.

Da mesma maneira que se aproban sistemas "toyotistas", para elevar a produtividade, deben poñer o mesmo interese para evitar que os traballadores/as non se vexan prexudicados na súa saúde. A Dirección comenta que se seguira incidindo no tema.

Previsión 2011.- A Dirección adianta que para o exercicio do 2011 se vai acentuar o desequilibrio entre os dous Sistemas. Tendo en conta a previsión de 374.000 unidades para este período, o escenario para o **Sistema I** sería de saturación de produción namentres que para o **Sistema II**, non descartan a posibilidade da aplicación dun ERE temporal.

Pola nosa parte, a C.I.G. xa advertíamos, no exercicio anterior, da necesidade de adaptar o útil industrial a este problema co fin de evitar os desequilibrios que xa daquela se daban. Agora, esgotados os mecanismos de flexibilidade, habidos e por haber, queren abocarnos a un ERE temporal. Así, podémonos ver, nos futuros meses, unha mesma fábrica cun alto porcentaxe da súa plantilla traballando 6 días á semana namentres os compañeiros/as do lado fan uso do desemprego.

Confederación Intersindical Galega